

INFORMACIÓN DE ADMINISTRACIÓN

Información para o alumnado que se vai presentar ás ABAU CONVOCATORIA ORDINARIA

Documentación que debe entregar na administración do centro:

- Resgardo de ter aboado as taxas para a solicitude do Título de Bacharelato e documentación acreditativa. Páxina de pagamento: <https://ovt.atriga.gal> (**instrucións na páxina Web do centro**)
- Fotocopia do DNI, NIE ou Pasaporte (persoas estranxeiras). Comprobar que o documento non estea caducado.
- No caso de ser familia numerosa, fotocopia do libro actualizado (hai que traer tamén o orixinal para cotexalo).
- Impreso de prematrícula nas ABAU coas fases e materias elixidas. O impreso debe de estar asinado.
- Só en caso de ter feito o pago no banco: resgardo acreditativo de ter aboado os prezos públicos de matrícula.

Procedemento e documentación

- **Xoves 16 de maio.**

Entrega no despacho de Administración do impreso de prematrícula; coa prematrícula xérase unha conta de usuario en Nerta e cada estudante recibe os datos de acceso no seu correo electrónico. Hai que activar esta conta e entón xa se pode acceder a Nerta para pagar as taxas dun dos seguintes xeitos:

- De forma telemática, utilizando unha tarxeta de crédito. Se se fai así o pagamento, xa non hai que entregar o xustificante no centro.
- Pagando directamente no banco. Neste caso hai que imprimir o impreso da páxina web do centro Impreso_taxas; e posteriormente, unha vez abonado, hai que entregalo no centro.

- **Luns 20 ata as 12:00 h:**

Entrega no despacho de Administración:

- Resgardo de ter aboadas as taxas para o solicitude do Título de Bacharelato.
- Só o alumnado que pagou no banco, o xustificante do impreso de liquidación das taxas para a matrícula da ABAU.
- Fotocopia do DNI
- Outra documentación no caso de dedución de taxas.

- **Martes 21 de maio:**

Recollida no despacho de Administración do impreso de matrícula para as ABAU.

AS INSTRUCIÓNS PARA ACCEDER AO NERTA E PARA O PAGAMENTO DAS TAXAS CORRESPONDENTES ESTÁN NA PÁXINA WEB DO CENTRO

Todo o alumnado deberá ter aboado tódalas taxas antes do día 20 de maio ás 12:00 horas

PUBLICACIÓN LISTAXES DE MATRICULADOS

O 21 maio a través da aplicación Nerta. O alumnado deberá revisar os seus datos e se detecta algún erro poderá interpoñer, no centro, reclamación, ata as 14:00 dese día. A partir do 23 de maio o alumnado poderá consultar en Nerta a súa matrícula na ABAU.

- **Prezos públicos**

ABAU:

| | |
|---------------------------------------|----------|
| Matrícula | 63,67€ |
| Familia numerosa – categoría xeral | 31,84 € |
| Familia numerosa – categoría especial | gratuíta |
| Persoa discapacitadas $\geq 33\%$ | gratuíta |
| Vítimas de terrorismo | gratuíta |
| Violencia de xénero | gratuíta |
| Persoal das Universidades do SUG | gratuíta |

No caso de dedución de taxas haberá que entregar na Administración do Centro a fotocopia da documentación que a acredite e presentarse o orixinal para cotexalo.

Título Bacharelato:

| | |
|---------------------------------------|----------|
| Título | 54,00 € |
| Familia numerosa – categoría xeral | 27,03 € |
| Familia numerosa – categoría especial | gratuíta |

No caso de dedución de taxas haberá que entregar na Administración do Centro a fotocopia da documentación que a acredite e presentarse o orixinal para cotexalo.